

CANDO A CORUÑA FOI POSMODERNA

DESEMBARCO DOS 80

EXPOSICIÓN

DO 19 DE ABRIL

AO 17 DE MAIO

2011

SALA DE EXPOSICIÓNS

DO PAZO MUNICIPAL



Concello da Coruña

Concellaría de Cultura



/// MAREA DE MODERNIDADE /// TODO NACEU COS RAMONES ///

NOVOS TEMPOS, NOVOS TEMPLOS /// A BANDA SONORA DO FUTURO ///

VHS /// CADERNOS DE BITÁCORA /// CRUZADAS ATLÁNTICAS ///

A CORUÑA FARO DA POSMODERNIDADE /// ROTEIRO CORUÑÉS DE LOIS PEREIRO ///

MAREA DE MODERNIDADE

O fin da ditadura franquista, coas súas últimas sacudidas no falido golpe de Estado do 23-F, desata unha explosión de liberdade en España. Como dixo algún pensador, o fenómeno sociolóxico coñecido como ‘a movida’, é un merecido recreo tras os sobresaltos da transición do franquismo á democracia.

A diferenza do esforzado activismo político que caracteriza aos anos 70 —quen non era daquela un revolucionario?—, os 80 traerán unha marea de modernidade e creatividade a cabalo dunhas insaciabes ganas de vivir. A efervescencia deste mergullo no contemporáneo busca recuperar de golpe o tempo perdido en décadas de ostracismo e illamento de Europa. Pero tampouco é allea ás convulsións da época: a crise social provocada polo desmantelamento industrial, a chegada do socialismo ao poder e en Galicia a inauguración da administración autonómica, que abrirá ventás a outros mundos cos seus novos medios de comunicación.

O deseño, a moda, a arte, as publicacións alternativas, o culto ao look persoal e moi especialmente a música pop converteranse nos abandeirados desta transformación que non deixa de asombrar a Europa. Madrid, ca súa mediática movida, será a punta de lanza deste renacer cultural, que terá non obstante un inesperado contrapunto en Galicia. Os medios españois pronto dirixirán unha mirada incrédula ao noroeste, onde se xera outra visión da modernidade que será recoñecida como a súa mediática movida Atlántica e cuxo epicentro se encontra na Coruña.

LA NAVAL

Num. 0
Noviembre-84 175 pts

REVISTA ATLÁNTICA

LA RESERVA NOROCCIDENTAL
NOSTALGIA DEL VERANO
CONSIGNAS MARITIMAS


LA CORUÑA VUELA
CAPITALIA 1994

TODO NACEU COS RAMONES


O sempiterno tópico da Galicia atrasada deixa paso á fascinación por unha ultramoderna imaxe de marca que ninguén sabe de onde saíu.

Esta onda que converterá á cidade coruñesa nunha obrigada referencia de culto para a modernidade española ten dúas datas de arranque: o concerto de Los Ramones no pavillón de Riazor o 21 de novembro de 1981 e o primeiro concerto municipal de rock —un dos pioneiros en España—, no mesmo escenario, os días 2 e 3 de xullo de 1982.

A semente pronto xerminará nunha colleita inmellorable: algunhas das bandas máis escoitadas no panorama rock da época, unha publicación que aglutinará á vangarda creativa galega e rivalizará cos estandartes da movida madrileña, e o xerme do que anos despois se coñecerá como o audiovisual galego fan da Coruña unha das imprescindibles capitais culturais dos 80.



Entrada backstage do concerto dos Ramones.
Impresión / papel
9 x 9 cm
1981



Entrada do concerto:
Ramones + Los Suaves.
Impresión / papel
13 x 8 cm
1981





**Cartaz: 1º Concurso de Rock
"Cidade da Coruña".**
Impresión / papel
61 x 39'5 cm
1982

**Xurado do 1º Concurso de Rock
"Cidade da Coruña".**
Xurxo Lobato
Fotografía b/n
13 x 18 cm
1982



Entradas de concertos
Impresión / papel
15 x 10 cm aprox.
s.a.

NOVOS TEMPOS, NOVOS TEMPLOS

Todo o mundo quere ser artista e o que non monta un grupo de rock non é ninguén na Coruña dos 80. Da triste soidade na que nunca pasa nada, a cidade eclosiona nun escaparate no que se locen os atrevidos looks importados de escapadas a Londres, Amsterdam ou Berlin, principais focos de influencia.

A rúa convértese na galería de arte máis atrevida. Os novos tempos precisan de novos templos. Locais nocturnos que aglutinan a noite como o lendario O Patacón, os primeiros pubs de deseño como o Zyx e os emerxentes locais de actuacións, son os puntos de encontro onde se intercambian ideas e se xeran mil e un proxectos.



Emblema de “O Patacón”
Javier Correa Corredoira
 Gravado / papel
 35 x 24’5 cm
 1990

**Suso Iglesias
 e José Ángel González
 no Playa Club**
 Fotografía b/n
 Xulio Correa
 13 x 18
 s.a.



**Xavier Villaverde
 gravando a Siniestro
 Total**
 Fotografías b/n
 Xulio Correa
 13 x 18
 s.a.

Radio Océano en el pub
Alalámpara
Fotografías b/n
Xulio Correa
18 x 13
s.a.



Concerto de *Los Coyotes* en Punto 3
Fotografía b/n
Xulio Correa
13 x 18 cm
s.a.

1. Ferrobús Vigo-Coruña. Cinco horas no tren... ¿París-Londres pasando polo Eurotúnel? Non, non exactamente. ¿"Estranos nun tren"? ¿"O amigo americano"? ¿"O maquinista da Xeneral"? Non; falo dunha viaxe en ferrobús. ¿Ferrobús? Sí, ferrobús. Un proxecto de Renfe para negar o movemento, para dar a razón a Parménides contra Heráclito. Cinco horas levaba a viaxe de Vigo a Coruña. A volta era un pouco máis corta pero só por ese estrano efecto psicolóxico das viaxes: obxetivamente duraba o mesmo ou máis. ¿Tiña bar, televisión, coches-cama? Non, ho, nada diso. A televisión, o circuito pechado de video ou o que fose, non chegara daquela a ningún tren. ¿Bar? Non, ho, nada diso. Eran dous ou tres vagóns para pasaxeiros, de asentos corridos. Como unha pulpeira sen mesa e cós asentos de eskai estragado. ¿De coches-cama xa nin falamos? Non, ho, nada diso. Con sorte, se non ía moi cheo, podía-se tumbar un. ¿E cómo era a chegada a destino? Imposible lembralo. Entre Padrón e Compostela facía vinte paradas. En cada unha, subía-se unha paisana, que baixaba na seguinte, cun par de galiñas mortas de medo ou mortas de feito. ¿E qué foi do ferrobús? O retiraron da circulación. Daba mala imaxe.

TRÍPTICO POSMODERNO

©2011 by Julián Hernández

2. Patatillas e potitos. As palabras e a comida... ¿Pero teñen algo que ver? ¡E logo...! Se non sabes cómo lle chaman a un alimento nun sitio non é doado pedilo. ¿Pasaban fame os coruñeses en Vigo e os vigueses en Coruña por culpa diso? Non sei, supoño que algún sí. Imprescindible viaxar cun diccionario vigués-coruñes e coruñés-vigués. ¿Algunha verba distinta? Todas: xouba = parrocha; caramuxos = minchas; rapantes = meigas; *patatillas* = patacas fritidas... ¿Cómo é posible pedir *patatillas* sen dicir "*patatillas*"? ¿Non son as patacas fritidas outra cousa? Sí, ho, claro que sí... Pero aínda había cousas máis complicadas, expresións complexas e compostas imposibles de traducir. ¿Como por exemplo? Pois o que en Vigo coñecía-se como "prato combinado de filete, ovos e patacas fritidas (*que non patatillas*) e taza tinta ás duas da madrugada", na Coruña chamábanlle "potitos bledine de plátano, laranxa e galleta a pao seco e mercados na farmacia de guarda ás duas da madrugada". ¿Só o final da expresión é parecido? Sí, sí, claro. É que fai referencia ó horario de Greenwich ou un deses raros. ¿O idioma soa parecido e non coincide caseque ningunha palabra? Iso é. ¿Sobrevivía a xente de Vigo en Coruña e a de Coruña en Vigo? Sí, sí, pero gracias ós bós amigos nos dous extremos da liña do ferrobús.

3. Carajillos e concertos. En Coruña, antes dos concertos no Punto 3, metíaslle á gorxa dous ou tres *carajillos* na Praza de María Pita que, de aquela, non tiña terrazas acristaladas. ¿E en Vigo? Os *carajillos* eran bastante piores e os concertos cutres dabondo. Castrelos aparte, tiñas que tocar no Satchmo, que era moi pequeno, ou no sótano de El Manco que, por non ter, non tiña nin chan. ¿E a xente o pasaba ben? Sí, sí, en grande: ¡grande brincadeira, pá! ¿Quén tocaba en Vigo e quén na Coruña? En Vigo tocaban Radio Océano, Metro e Viuda Gómez; en Coruña tocaban Os Resentidos, Los Buzos e Siniestro Total. ¿Pero non eran os primeiros de Coruña e os segundos de Vigo? ¡E logo...! Pero o ferrobús unía todo. ¿En serio o pasaba ben a xente tra-la viaxe en ferrobús? ¡E logo...! ¿E é certo que o Expreso Rías Baixas e o Rías Altas chegaban á Estación do Norte —ou de Príncipe Pío, por falar con propiedade— en Madrid cun cuarto de hora de diferenza e na cafetería reuníase todo o mundo? ¡E logo...! Pero se non chega a haber ferrobús en Galicia, nunca ninguén houbera chegado ata alí.

A BANDA SONORA DO FUTURO

O Gran Casino, máis tarde rebautizado como Punto 3, unha vetusta sala de festas no corazón histórico da cidade, é a porta pola que entra o futuro. Por alí pasarán os grupos imprescindibles do momento: Alaska, Radio Futura, Los Coyotes, Siniestro Total, Aviador Dro, Derribos Arias e dá a alternativa ás bandas da cidade que pronto superarán a fronteira local. Metro edita o seu propio disco tras gañar o primeiro concurso de rock, á calor das actuacións de Alaska e Nacha Pop, que tocan por primeira vez en Galicia. Radio Océano, elixida entre as 10 mellores bandas do país no maior concurso español de rock, gañado polos vigueses Golpes Bajos, estrea o selo discográfico de Radio 3, incuestionable banda sonora dos 80, e rexeita un sorprendente ofrecemento para representar a España en Eurovisión. O seu tema “Isto non é Hawai, nin falta que fai” soa como un dos himnos do momento nas ondas radiofónicas dos 80. Viúda Gómez e Hijos editará tamén un disco.

A Coruña acolle o primeiro estudo de gravación en Galicia. Da nada, consolídase unha pioneira xeración coruñesa de rock que se relaciona coa vangarda española e inaugura unha tradición que seguirán anos despois bandas como Eskizos, De Luxe ou Triángulo de Amor Bizarro.

Single de *Metro*
Impresión / papel
18 x 18'5 cm
1982




LP *Viuda Gómez e hijos:*
“Completamente”
Impresión / papel y vinilo
31 x 31 cm
1987





LP de *Radio Océano*:
“Nin falta que fai”
Impresión / papel y vinilo
31 x 31 cm
1985

Cartaz: *Radio Océano*
Impresión / papel
41 x 40 cm
s.a.



Revista
Con todo Lugo de detalles
Impresión / papel
32 x 22 cm
s.a.



Bosquexo de cartaz:
“Pogo Oceánico Total!”
Impresión e collage / papel
42 x 31 cm
s.a.



VHS

O primeiro recoñecemento internacional do chamado audiovisual galego, consolidado agora como un sector estratéxico da cultura do país, chegou da man do efervescente escenario vangardista coruñés nos 80. Os pioneiros video-clips do daquela principiante realizador Xabier Villaverde sobre temas das bandas de rock Viuda Gómez e Hijos, Radio Océano ou Os Resentidos foron premiados en festivais internacionais como o de Montreal. Villaverde firmaría en 1989 unha das tres primeiras longametraxes producidas e rodadas en Galicia, ‘Continental’. Ese iniciático pulo no mundo da imaxe converteríase cos anos nunha denominación de orixe coruñesa como capital cinematográfica de Galicia, consolidada nos últimos tempos con triunfos nos Goya de películas como ‘Celda 211’ ou as pioneiras producións en formato tridimensional do cine español.



Single de *Colorado*
“Viejos tejanos”
Impresión / papel
18 x 18 cm
1989



Single de *Los Eskizos*
Impresión / papel
18 x 18 cm
s.a.




Fanzine *Flip-Land. In concert*
nº fantasma
Impresión / papel
32 x 21'5 cm. 1987





Los Eskizos



Sporting Transilvania




Veneno Puro, de Xavier Villaverde



Desvirgheitors



Los Muelles




Los Bichos



Radio Oceano



Viuda Gómez e hijos



Los Dalton



CADERNOS DE BITÁCORA


“ Más allá del telón de Grelos “, titula en primeira páxina Cambio 16, a revista española máis influente nos 80, nun informe que recolle a admiración e o desconcerto con que a sociedade española recibe a postmodernidade que emana dunha Galicia que rompe os habituais tópicos de atraso e illamento. E A Coruña xoga un papel primordial nesa Galicia emerxente que asombra ao mundo.

Ademais de música, como Vigo, a cidade coruñesa se erixe en dique de modernidade como sede dun movemento aglutinador de música, arte, literatura e periodismo en torno a unha publicación, La Naval, que non só suma a marea pop, senón que a integra nun contexto de arte, deseño, arquitectura, poesía e narrativa, que conforman, todo un imaxinario para os novos tempos.

É o nacemento da Movida Atlántica, que pronto se converterá en referencia e contrapunto da Movida Madrileña, outorgando un orgulloso selo autónomo de identidade á caótica explosión de creatividade. Todos os creadores galegos militan no movemento e a súa fortaleza chamará a atención en toda España. Madrid toma o relevo do swing de Londres; en Vigo resoa o son beat industrial de Liverpool; A Coruña, reinventa a creatividade artística e intelectual de Manchester.



O sireo – fillo da Sirea
Propósta de serea
para *La Naval*
Menchu Lamas
Técnica mixta / papel
18 x 25 cm
1985



La Naval. Revista Atlántica nº 00
Impresión / papel
34 x 25 cm
1985




Sereas na noite
Propósta de serea
para *La Naval*
César Fernández
Lapis e rotulador / papel
42 x 30 cm
1985



Sen título
Propósta de serea
para *La Naval*
Antón Lamazares
Cera / papel
38 x 28 cm
s.a.




La Naval. Revista Atlántica
nº 1 e nº 500
Impresión / papel
34 x 25 cm
1985



Folla voandeira de La Naval
Impresión / papel
18 x 12 cm
s.a.

Folla voandeira de La Naval
Impresión / papel
21 x 12 cm
s.a.



Salvar o Porco.
Manifiesto tocinófilo.
National Cocho Front
Impresión / papel
24 x 17 cm
s.a.




Moda Atlántica, patillas para a temporada
Chichi Campos
Rotulador / papel
32 x 21'5 cm
s.a.

CRUZADAS ATLÁNTICAS

Seguindo o ronsel de La Naval, unha galaxia de publicacións alternativas publícanse na cidade, que coñece unha explosión editorial que non volveu repetirse.

A Coruña pasa a ser un foco con luz propia no mapa da modernidade española. La Naval protagoniza imposibles concursos de arquitectura e delirantes producións de moda xunto a debates literarios e filosóficos que perseguen unha nova identidade.

O movemento atlantista coruñés reinventa dende o futuro un novo presente galego que se mergulla no pasado e integra a postmodernidade nunha recuperada tradición cosmopolita galeguista que xa proxectara á cidade coruñesa como baluarte cultural nos anos anteriores á guerra civil.



Revista *La Galga* nº 0
Impresión / papel
24 x 17'5 cm
A Coruña, 1981

21 Inadaptados.
Fanzine *Rock* nº 1
Impresión / papel
30 x 21 cm
A Coruña, 1989



El Lado Salvaje.
Fanzine promocional de "La Corporación" nº 1
Impresión / papel
29 x 20 cm
A Coruña, 1983



Fanzine
"Uso Externo"
Impresión / papel
29'5 x 29'5 cm
A Coruña, 1983



Tom Waits.
Cuaderno de Arte,
Cultura y Publicidad nº 0
Impresión / papel
30 x 21 cm
A Coruña, 1988



Valiundiez n° 2.
Tbo para ziegos
Deseño:
Fausto Isorna
Impresión / papel
30 x 21 cm
Santiago
de Compostela
1983




Revista
Trilateral n° 1
Deseño: Xosé Salgado
Impresión / papel
29 x 21 cm
Santiago de Compostela
1986



Revista
Favorita n° 1
Deseño: Xosé Salgado
Impresión / papel
22 x 24'5 cm
Santiago de Compostela
1985



Revista
Con todo
Lugo de detalles
Impresión / papel
32 x 22 cm
Lugo, s.a.



Revista
Tintimán n° 1
Impresión / papel
40 x 30 cm
Vigo, 1984



Revista
Das Capital n° 1
Deseño: Fausto Isorna
Impresión / papel
30 x 21 cm
Santiago de Compostela
1989

A CORUÑA FARO DA POSMODERNIDADE

A revista La Naval é o mastro dende o que ondea a bandeira dos novos tempos. Dende un entón descoñecido Miguelanxo Prado que rematará por impresionar a Hollywood ou o poeta Lois Pereiro, pero tamén o romanticismo independentista de Ferrín, xunto coa tribo posmoderna e os gurús da postmodernidade española que tamén se apuntan, dende Ordovás, Ridao, Manrique, Cueto ou José Manuel Costa, pai da movida madrileña, converten as súas páxinas nun escaparate coruñés ao que se asoma medio país.


La Naval rivaliza e establece polémicas cos voceiros da postmodernidade madrileña, como a revista La Luna, algunhas de cuxas firmas tamén escriben na publicación coruñesa. Os acendidos debates entre a movida madrileña e o movemento atlantista coruñés chegan a protagonizar un peche de Telexornal da época, cando a televisión era singular e omnipresente.

A fascinación atlantista provoca que a Universidade Internacional Menéndez Pelayo, motor e caixa de resonancia de toda iniciativa creadora na España da época, instale unha das súas sedes máis activas na Coruña e dedique un dos seus cosmopolitas veráns santanderinos nun desembarco de Las Fuerzas Atroces del Noroeste, organizado por La Naval.



Sen título
Javier Correa
Corredora
Acuarela / papel
32 x 45 cm
1985

Galicia.
Chove sobre mollado
Catálogo UIMP Santander
Deseño: Pepe Barro
Impresión / papel
33 x 21 cm
1986



Sen título
Xurxo Gómez Chao
Acuarela e ceras / papel
50 x 35 cm
s.a.



Sen título
Miguelanxo Prado
Rotulador e cera / papel
35 x 28 cm
s.a.

Actuación
La Fura dels Baus
no pavillón Riazor
Fotografía b/n
Xosé Marra
1988



Rúa Orzán

Putas, almas de esquina, efíxies de portal, alcohólicos do Orzán .
A súa perdición tamén é inviolable, coma a sorte dos tolos. Son adorables
agora tamén que non teño “frío na alma”, suor intermitente e demasiado
tempo por vivir. Teño capacidade de resposta.

“Eh, alto, hei”-e eu sigo sen determe. “Oye!”. Dou media volta e dígolle:

“Oes, non son un can , ¿eh?”.

“Perdona, colega, perdona, ¿tienes un cigarro?”.

“si,toma “.

“Gracias, tío, y perdona...”.

Daquela sorrió e dígolle: “Non importa”.

(Conversa ultramarina)

Xardín de San Carlos

A. Auga. Ar.

A Amnesia do vencido, a Atracción do Abismo, a Arbre ó pé
da Arbre, e a ledicia do espacio circundante.

O Atlántico é a Alma e o Acantilado o corpo da súa chamada
Atroz

Que é Galicia? (Poemas 1981-1991)

Coruña nocturna , ambiente e movida nocturna

No concerto de “Os Heredeiros da Cruz” no Playa
Club, agardo á miña irmá na barra; unha vez dentro,
cúranme o catarro os decibelios bravos e a xente do
Barbanza que se tira desde o escenario ó publico:
todos de Boiro e Ribeira. Os do Barbanza! Non vía
nada semellante desde Berlín nos anos oitenta
¿lembras? ...”María o teu fillo fuma porros”

(Conversa ultramarina)

Praza das Bárbaras

_Alan’s psychedelic breakfast

...

Feríronme treidores
polos teus pasos na rúa.
A exactitude da casa que se queima

Porque
No ritmo das campás ¿será inútil refrexarse?
Psychedelic
Psychedelic
¿Coma dis?
Sería inútil.
Eu sei o que me agarda cando
volto.
Por favor ¿sería inútil?
Bebe un pouco

(Poemas para unha loia)

Cemiterio de San Amaro

1980 Agosto 1979

...
Mecánica da morte xa en camiño
a secreta pronuncia doutros nomes
vai debuxando berros de acentos primordiais
na parte máis escura en todos nós
agora que o sabemos e repousan
as augas da memoria unha vez máis
e podo ulir o fume da desorde
o medo a rabia o alento daquel día
no estraño desta néboa matinal.....

(Poemas 1981-1991)

Torre de Hércules, mar rompente.

_Se xa morto de qué naval qué mar...

Homes de Arán no perfil do principio
incluíndonos nunha definición da morte, no epitafio
do ron e do escorbuto contra o mito
da túa salinidade, autocontrol
das túas propias sombras,
da túa función letal contra estruturas
que pasan clandestinas na discordia,
tan lonxe destas “badlands” onde sinto
unha presenza histórica e portuaria
naúfrago da expulsión do paradiso.

(Poemas 1981-1991)

Bar Borrazás

Cada vez vou sentindo máis e máis o desexo de rebaixar en serio o nivel social e subir o nivel insumiso dos meus compañeiros de barra. Regreso ó inferno; pero esta vez de diaño con tridente de reporteiro Pasadas de kalimotxo arredor. E é un alivio non sentir calor ou frío, estarríos enfermos de necesidade. Vou ficando só, eu, o cartafol e a voz.

(Conversa ultramarina)

Vista da Coruña nocturna dende a terraza da casa do poeta na rúa Costa Rica

Contemplando as luces da cidade dormida penso en como é posible que non estoupe todo cos pensamentos que hai por tras das fiestras con luz, e os pesadelos que ocultan as que xa están ás escuras. A calma bota fume. Canta enerxía perdida!

(Conversa ultramarina)

Roteiro coruñés de Lois Pereiro



Fotografía
Varí Caramés

¿Qué de que parte estou, pregúntasme, cravando en min a túa pupila azul...? Da mesma que crin estar sempre, supoño, desde que a miña memoria se perde en néboa en tonos sepias, desde o mesmo momento no que empecei a ter poder de decisión sobre os meus soños, os meus propios medos, dúbidas, e as miñas actitudes e razóns para existir. Sigo a estar de parte da Beleza, dos que nos sentimos na obriga de loitar, desde que o mundo é mundo, polo que sempre nos resultou moralmente xusto e evidente, a pesar de tantas dúbidas, decepcións e diferentes perspectivas de actuación, levando ás costas tantas traicións decepcionantes en vertixinosa e constante cadea continua de agresións dunha historia de infamia que xa non nos permite ser inxenuos, porque se as vítimas de antes pretenden ser verdugos á súa vez ¿de qué parte que non sexa sempre a das novas vítimas, dos novos vencidos doutras guerras, podemos estar xa?

(Modesta proposición)

O porto con grúas

P. Poesía. Patria. Paixón

Perigo de extinción, perdidos na nosa propia Pureza, da necesidade de ser un Pobo. A nosa indiferencia alimentará o Proceso de autoxenocidio que vivimos.

Paisaxes espalladas, enfiadas entre os Perfiles do Pasado, coa Presencia dunha vexetal sensación de eternidade.

Paixón e Poses “punk”, refrexos Postmodernos e altas horas nos Peiraos urbáns da noite.

Que é Galicia? (Poemas 1981-1991)

VENTO LOIS

2011



Concello da Coruña
Concellaría de Cultura

A CORUÑA

ACTOS DE HOMENAXE A LOIS PEREIRO

DOMINGO 20 DE MARZO: VENTO LOIS / PASARRÚAS DESDE A PRAZA DE MARÍA PITA POLA RÚA REGO DE AUGA ATÉ CHEGAR AO TEATRO ROSALÍA DE CASTRO, COA ACTUACIÓN DA BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA. RECITAL ESPONTÁNEO CON POETAS E ABERTO A TODA A CIDADANÍA NO TEATRO ROSALÍA CASTRO. / **XOVES 7 DE ABRIL:** MUNDO LOIS. / ESPECTÁCULO ESCÉNICO "MUNDO LOIS" NO TEATRO ROSALÍA DE CASTRO IDEADO POR ANTÓN REIXA E DIRIXIDO POR LINO BRAXE PARA DIFUNDIR A TRAVÉS DA IMAXE A OBRA DE LOIS PEREIRO. / **XOVES 12 DE MAIO:** CONCERTO EXPANSIVO / CONCERTO DE MÚSICA A CELEBRAR EN VARIOS LUGARES. NA CORUÑA SERÁ NA ANTIGA PRISIÓN PROVINCIAL. / **ROTEIRO:** A CORUÑA NOS TEXTOS DE LOIS PEREIRO / PÁXS. 18-19